



Páx 2-3

PARLAMENTO:

Unha Lei do Solo adaptada ás necesidades de Galiza

Páx 4-5

PONTEVEDRA:

Pontevedra sur, a transformación urbana da avenida de Vigo

Páx 6-7

PONTEVEDRA

Un millón de euros para a conservación dos espazos urbanos

Páx 8

PONTEVEDRA:

Noites abertas

Páx 9

NACIONAL

Campaña polo dereito ao aborto libre e gratuíto

Páx 10

PONTEVEDRA

A memoria das mulleres

Páx 11

MORAÑA

- Apertura da rúa 12
- O Concello sen orzamentos

CONTRACAPA:

O PP AFOGA O EMPREGO!
O PP AFOGA GALIZA!

XORNADA DE ANÁLISE E DEBATE

A UNIÓN EUROPEA NON É A SOLUCIÓN, É O PROBLEMA!

HAI ALTERNATIVA AO ESPOLIO DE GALIZA!



25 DE XANEIRO, PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA

O BNG celebra mañá sábado 25 de xaneiro en Pontevedra a partir das 10:00h unha intensa xornada de debate e reflexión sobre a o modelo de Europa, o papel de Galiza na UE e as propostas que plantexamos para defender os intereses do noso País.

Trátase dunha reflexión colectiva, que fuxa do europapanatismo dominante, que analise as políticas de la Unión Europea con un carácter científico e que contribúa a enriquecer o acervo político do nacionalismo galego a repeito da UE para formular alternativas, serias, rigurosas e audaces.

As xornadas, organizadas pola Fundación Galiza Sempre, contarán con destacados especialistas en cada un dos ámbitos, e serán inauguradas polo portavoz nacional do BNG, Xavier Vence, polo presidente da FGS, Guillerme Vázquez, e polo alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores.

O debate xirará en torno a catro paneis:

- **A UE como modelo de capital globalizado.**
- **Impacto en Galiza das políticas económicas da UE.**
- **Vontade popular, soberanía, dereitos e liberdades dentro da UE.**
- **A alternativa do BNG.**



César Mosquera reclama no Parlamento unha **Lei do Solo** adaptada ás necesidades de Galiza

O pasado xoves 23 de xaneiro, o noso compañeiro César Mosquera compareceu no Parlamento de Galiza no marco dos traballos que se están a desenvolver para elaborar a nova Lei de Ordenación Urbanística (LOUGA).

El demandou unha nova lei, non un texto refundido, que dea solución aos problemas xerais da nación neste ámbito e non unha que, como até o de agora, pretenda impor modelos de fóra do país. Asemade fixo fincapé na **necesidade dunha lei que fixe claramente o marco competencial da Xunta e dos Concellos**, de xeito que fiquen claros que é o que ten que facer cada un sen tutelaxes nen competencias compartilladas que sempre conducen a resultados nefastos.

Pero sobre todo, Mosquera defendeu a **necesidade de que a nova lei recolla o modelo urbano de Pontevedra, non a súa imposición para todas as cidades de Galiza, senón a posibilidade de desenvolvelo ordenadamente** e non como até agora, retorcedo sempre a lexislación en vigor. E non se trata dun empecinamento nen unha rabieta, defendeuse a posibilidade de manter e afondar un modelo urbano reiteradamente premiado e recoñecido internacionalmente.

Mesmo se fixo fincapé en que o modelo urbano de Pontevedra propiciou que non houbera leas nen contenciosos urbanísticos que a piques estiveron de se reintroducir polas modificacións do PXOM impostas pola LOUGA

O modelo Pontevedra fronte ao da Xunta

Unha das claves que explican o suceso urbano pontevedrés é pular por unha cidade compacta que potencia o continuo urbano, fronte ao cal, a Xunta defende torres illadas no medio de amplísimos espazos baleiros. Nestas torres promoven o uso do carro privado e xeran uns sistemas de rúas e de aparcamentos insostíbeis, inseguros e que impiden o uso da rúa polas persoas. Nada a ver co noso modelo, centrado nos peóns, na seguranza viaria e en camiñar a pé, os motivos que nos fixeron merecedores dun premio detrás de outro.

En Pontevedra, lembrou César Mosquera, padecemos esta concepción da Xunta xa que as vías máis perigosas son as da súa titularidade: no Camiño de Santiago ou en Rosalía de Castro néganse unha e outra vez a adoptar medidas de seguranza viaria para non molestar aos carros.

Nos seus viais a Xunta négase a adoptar medidas para mellorar a seguranza viaria

Asemade, esta é unha lei allea á realidade da Galiza: por citar un exemplo, nunca se solventou o problema do recoñecemento do solo de núcleo rural, un tipo de terreo e de ocupación do territorio que só existe na Galiza e que, por suposto, non é recoñecido polo Estado. De aí veñen problemas importantísimos como a enleada co cuartel da BRILAT en Salcedo.

Unha dobre vara de medir

O noso compañeiro continuo referíndose á dobre vara de medir que existe nos asuntos urbanísticos e que se propón na modificación da LOUGA que se tramita. Neste apartado, vese que **os concellos teñen unha grande cantidade de restricións impostas que non existen para a Xunta**. Mosquera citou un caso actual: o Concello non podería recualificar os terreos de Monte Carrasco porque non lindan co urbano, son terreos de protección forestal e patrimonial e sufriron incendios hai menos de quince anos. Moi ben, pero ningunha destas restricións existe para a Xunta. Item máis, a LOUGA impón unha tramitación de anos ao Concello para modificar unhas aliñacións; en cambio, as aliñacións do PXOM de Pontevedra no vial Pino-Bora foron modificadas pola Xunta cun proxecto de obra

Por fin, Mosquera exemplificou no caso de Pontevedra a distribución de competencias na redación dun PXOM. **Básicamente, ao concello competerialle decidir onde se recurtan os núcleos rurais e o solo urbano e escribir un documento con todas as imposicións da Xunta**. Esas imposicións fan referencia á intención da Xunta de clasificar a **marisma de Lourizán como industrial para permanecer alí ENCE e como dotacional Monte Carrasco para entregarllo á especulación sanitaria privada; modificar o premiado modelo urbano de Pontevedra para substituílo por esplanadas de aparcamento e circulación incontrolada; permitir novas canceiras a ceo aberto coa conseguinte agresión ao medio e, para rematar esta serie, definir a capacidade residencial máxima**.

Como conclusión desta xornada de traballo, a comisión parlamentar solicitou que se elaborase un documento que recolla os aspectos mellorábeis da LOUGA que o Concelleiro de Urbanismo de Pontevedra se comprometeu a enviar en datas vindeiras.




Pontevedra sur

A transformación urbana no acceso e saída pola avda. de Vigo

Xa nas pasadas semanas o goberno do BNG anunAs obras de desdoblamento da avda de Vigo van posibilitar unha profunda transformación do acceso sur da cidade, nunha zona que inclúe a actual avenida de Vigo, o novo vial en paralelo que comunica o nó do Pino coa Estación de Autobuses e a avenida da Estación. Trátase do investimento en obra pública máis importante desta década na cidade de Pontevedra e foi posíbel grazas a un convenio entre o Concello e o Ministerio de Fomento. Nos pasados anos 2002 e 2013 acometéronse as expropiacións de máis de 40 predios, que supuxeron un investimento de 1.5 millóns de euros.

Investiranse máis de 4,3 millóns de euros nas obras de reforma urbana con un novo vial e a mellora da avenida da Estación e a avenida de Vigo

A previsión é que as obras do desdoblamento comecen no presente ano 2014 e se prolonguen durante o 2015. Prevese un investimento de 4,3 millóns de euros, que se destinarán ás seguintes actuacións:





-Novo vial en paralelo á actual avenida de Vigo con tres carrís para vehículos (2 de entrada á cidade e un de saída) e unha senda peonil e de bicicleta cuxo ancho varía entre os 5 e os 8 m. Esta senda comunicárase mediante unha ponte e unha pasarela (por debaixo da avenida da Estación) coa actual senda que vai desde Campolongo á Estación.

-Reforma da avenida da Estación entre a glorieta da Avda de Vigo e a Estación de Autobuses, coa construción de novas beirarrúas a dotación de árbores e novo mobiliario urbano.

-Reforma da rúa Luís Seoane (conexión entre actual avenida de Vigo e novo vial) e conexión de augas pluviais e residuais.

-Mellora do camiño peonil que comunica a Avenida de Vigo coa Avenida da Estación

-Reforma integral da actual avenida de Vigo, que pasará a ter un único carril de saída. Ampliaranse as beirarrúas, dotarase de novo mobiliario urbano e de árbores. Esta actuación divídese en dúas fases, a primeira desde Fernández Ladreda até a rúa Luís Seoane e a segunda até o nó do Pino.

As obras comezarán este mesmo ano e se prolongarán até 2015

O conxunto de obras van transformar por completo a zona sur da cidade mellorando sensibelmemente a calidade de vida, a mobilidade motorizada (pásase de 2 carrís na actual avenida de Vigo a 4 sumando os tres do novo vial e un que terá no futuro a avenida de Vigo), a mobilidade peonil e ciclista, a accesibilidade e o aproveitamento de espazos de lecer e deporte na beira do río dos Gafos.

O BNG insta á Xunta a unha reforma integral da Estación de Autobuses

Para complementar este ambicioso proxecto, sería desexábel que a Xunta de Galicia acometese unha reforma integral de Estación de Autobuses, que actualmente presenta un estado de abandono e deterioro que resulta moi negativo para a cidade e moi prexudicial para as persoas que utilizan este equipamento público.



Destinaranse a reparacións de beirarrúas, pavimentacións, seguraza viaria e accesibilidade

Un millón de euros no 2014 para a conservación de espazos urbanos

O Concello de Pontevedra investirá un millón de euros neste ano na conservación e mantemento de espazos públicos na área urbana do concello. Segundo explicou o concelleiro coordinador dos traballos, Luís Bará, estas obras son unha prioridade para o Goberno porque os espazos urbanos precisan unha atención permanente, xa que a situación de deterioro pode verse agravada polos efectos dos temporais. A este respecto, **Luís Bará precisou que as consecuencias dos temporais foron menores que o pasado ano, entre outras razóns, pola grande cantidade de reparacións que se fixeron entre xaneiro e abril de 2013 e outros traballos posteriores: pavimentacións, accesibilidade, mantemento...** De feito, non foi preciso empregar a fórmula de contratación de emerxencia, tan só para instalacións como o Pazo ou o Pavillón dos Deportes.

De todos os xeitos, **realizáronse traballos de reparación urxente todo este mes de xaneiro, por parte das brigadas municipais así como polas**

empresas de mantemento dos espazos públicos.

Luís Bará indicou que durante todo este ano “propoñémonos facer un traballo sistemático e intenso de conservación e mantemento no Centro histórico; en beirarrúas para solucionar problemas de lousas soltas ou rotas, especialmente nas entradas aos garaxes. De feito, a brigada municipal de obras traballou en máis de 30 rúas no que vai de mes para solucionar estas deficiencias na praza de Galiza, en Augusto García Sánchez, Sagasta, na avenida de Vigo,... Tamén se revisarán e repararán arquetas que causan ruidos e certos riscos a vehículos como motocicletas, ciclomotores ou bicicletas.

Outro dos puntos que se acometerá este ano será a **segunda fase de pavimentacións (en 2013 fixéronse actuacións en 20 rúas) que se iniciarán no mes de febreiro**, se o tempo acompaña. Son pavimentacións totais ou parciais que se farán en seis zonas da cidade. Son as seguintes:



- **Zona sur:**

Fernando II, Afonso IX, Rafael Alonso, Bibiano Fdez Osorio Tafall, Abilleiras, zonas de Eduardo Pondal (rotonda con Uxío Novoneyra).

- **Zona leste:**

Losada Diéguez, Rafael Dieste, zonas de Conde de Bugallal (O Marco),

- **Zona oeste** (Campo do Boi)

Pilar Bértola, Xofre de Tenorio, A Barca

- **Zona Norte** (O Burgo-Lérez):

rúa do Cordón, zonas de Avda Buenos Aires (Ponte dos Tirantes-praia fluvial)

- **Zona Centro:**

Alameda, Martitegui, Praza de Galicia, González Besada

- **Monte Porreiro:**

Portugal, Bélxica, Os Campos

Mellora da seguranza viaria

Acometeranse tamén traballos de seguranza viaria, especialmente en ámbitos escolares e en centros de saúde coa colocación de lombos e redutores de velocidade. As zonas nas que se actuarán son:

- **Domingo Fontán** (á altura da imprenta provincial)
- **Padre Gaité** (entrada ao Estado da Xuventude, desde a avenida de Bos Aires)
- **Avenida da estación** (xunto ao Budo, aínda que esta actuación estará ligada á reforma da zona co desdoblamento da avenida de Vigo).
- **No contorno dos centros educativos e dos centros de saúde** actuarase en:

o Raíña Vitoria e na Alameda onde están varios institutos, unha escola infantil, o ambulatorio.

o Na avenida de Vigo (fronte a Sanidade) onde se detectaron excesos de velocidade, especialmente polas tardes e noites

o Na rúa San Amaro e Xoán Carlos I

o Ernesto Caballero.



O concelleiro delegado da área urbana tamén deu conta de que os servizos técnicos municipais están estudando unha solución para o derrube dun noiro na avenida de Bos Aires, na entrada ao barrio de Monte Porreiro que na actualidade dificulta o tránsito peonil. En canto se teña unha solución, actuarase para restablecer a normalidade neste tramo.

Luis Bará explicou que o investimento durante este ano será dun millón de euros entre os contratos de mantemento tanto da área urbana como do centro histórico que son de 360.000 euros, en pavimentacións uns 300.000 euros, os custos da brigada son duns 300.000 euros, e a instalación de medidas de seguranza viaria rondarán os 90.000 euros.

Comezan as Noites Abertas

Chega a 15ª edición de Noites Abertas coa programación máis ampla de toda a súa historia e co obxectivo de ofrecer canles de participación e lecer á mocidade de Pontevedra e da súa bisbarra nas fins de semana.

Entre o 31 de xaneiro e o 3 de maio, venres e sábado voltarán encherse de actividades de todo tipo para mozas e mozos. Deporte, cultura, formación, viaxes, teatro, saídas nocturnas, coñecemento da cidade, cinema, baile tradicional e contemporáneo, galego e do mundo e máis un longo etcétera estarán a disposición das persoas de entre 12 e 30 anos formando parte da oferta de lecer de Pontevedra nas noites de venres e sábados.

Practicamente todas as actividades que se ofrecen en Noites Abertas son de balde, de iniciación, sen listaxes de agarda e sen inscrición porque este programa quere ser unha alternativa máis nas fins de semana: calquera moza ou mozo ten que poder saír de casa e gozar deste lecer alternativo sen complicacións, como parte do que fagan pola noite, sen paternalismos nen falas moralinas.

Que hai detrás de Noites Abertas?

Noites Abertas coordina 117 actividades impartidas por 142 monitores ou monitoras en 13 espazos diferentes nos que traballan 5 controladores cun orzamento que supera os 105.000 €. Estes datos demostran que detrás do lecer e destas 26 xornadas de actividade hai un traballo moi duro e ben engraxado da maquinaria municipal.

Téñase en conta que esta fase da que falamos, a das actividades nocturnas, é só a parte máis visíbel dun proceso que dura un ano enteiro e que se autoavalía constantemente para mellorar.

Noites comezan na altura de setembro abrindo o prazo de presentación de propostas para participar organizando actividades. Nesta edición, recibíronse no Concello de Pontevedra 232 que foron lidas, avaliadas, ordeadas para chegar ás 117 actividades finalmente seleccionadas. Todas elas foron seleccionadas ou excluídas segundo criterios obxectivos e a día de hoxe non houbo ningunha queixa formal a respecto da escolla realizada.

Dese proceso resultaron como participantes de Noites Abertas 21 asociacións, 15 empresas, 16 colectivos xuvenís e 44 persoas a título individual. Con cada unha de



sas persoas e entidades négociase a data, o número de sesións e todo aquilo que faga falla para que o programa funcione ben.

Posteriormente, logo do remate das actividades, Noites Abertas comeza un proceso de análise que serve para irmos mellorando en cada sucesiva edición: para isto os datos máis importantes son os que se extraen das avaliacións por escrito sobre o desenvolvemento, o espazo, os materiais e o traballo dos monitores e monitoras que se fai ao remate de cada unha das sesións.

Así pois, Noites Abertas non é só un programa de lecer xuvenil, senón unha forma de participación democrática da mocidade e, practicamente, o único con este xeito de funcionar en todo o estado.

Compromiso coa mocidade.

En Noites sábese que a situación da xuventude é desesperada: as mozas e os mozos galegos sofren unha situación laboral sen saída, sen expectativas de acadaren un posto de traballo digno na terra e coa única opción da emigración, do exilio económico. Eis o panorama que lles ofrece este sistema cruel e corrupto.

Por este motivo actuamos en dúas liñas complementarias. Dunha banda, facemos unha oferta de lecer que funciona moi ben e con todas as actividades de balde para estaren ao alcance de todo o mundo sen discriminacións. Da outra, demostrando que se pode e se debe pular por un modelo diferente que prime ás grandes maiorías. Serva un exemplo, todas as persoas que traballan de monitoras en Noites Abertas cobran un soldo digno, 30€ por hora traballada con todas as cotizacións ao día.



O BNG lanza unha campaña polo dereito ao aborto libre e gratuíto

O BNG non vai descansar até que o goberno do PP retire a proposta legislativa con que tenta recortar o dereito que permite a libre interrupción voluntaria do embarazo até a semana 14. O Partido Popular continúa a legislar contra os dereitos das mulleres e propón un marco máis restritivo que o de 1985: elimina o suposto de aborto en caso de malformación do feto, suprime a lexislación de prazos, só permite a interrupción da gravidez en caso de violación ou de risco para a saúde da nai e, aínda así, dificulta as condicións. Este marco legal situaríase entre as 8 lexislacións máis restritivas da Unión Europea:

1. Pretende eliminar a capacidade das mulleres para decidir. Só os médicos ou os xuíces están capacitados para decidir sobre o embarazo dunha muller. No caso das rapazas máis novas, esta proposta legislativa impón a súa tutela por parte de pais, nais ou do propio Estado.

2. Só as mulleres con maiores recursos poderán acceder a abortos seguros, ao poderen pagar viaxe, clínica e aloxamento fóra. Entre 1974 e 1986 foron 220.000 mulleres as que viaxaron a Holanda ou Inglaterra para interromperen o seu embarazo.

3. A prohibición do aborto só conduce á clandestinidade e a pór en risco a vida e a saúde das mulleres.

Se se aprobar, esta lei restrinxirá o acceso ao aborto ás elites que se poidan permitir pagalo e castigará duramente as mulleres que teñen menos recursos, a inmensa maioría. A obriga do goberno debe ser garantir a saúde, a igualdade de condicións e a seguranza das mulleres que deciden pór fin a un embarazo non desexado durante as primeiras semanas deste.

4. O PP elimina a información e a educación sexual e reproductiva. Pecha os centros de información e educación sexual para a mocidade -Centros Quérote-. Elimina a píula do día despois dos centros de saúde e suprime o financiamento dos anticonceptivos de última xeración.

Ante unha nova agresión contra os dereitos básicos das mulleres, que o PP leva deseñando e executando na Galiza a través de numerosas trabas para exercer este dereito na sanidade pública, [desde o BNG](#), para avanzar cara á igualdade social e á conquista dos dereitos colectivos, [exiximos que os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo para garantir a igualdade social e económica no acceso a esta prestación.](#)

ABORTO LIBRE E GRATUÍTO

Constituído o Consello Asesor de *A Memoria das Mulleres*

A Casa das Campás acolleu o pasado mes de decembro de constitución do Consello asesor do proxecto “A memoria das mulleres” e tamén da súa posterior presentación pública. O Consello asesor está formado por persoas de diferentes ámbitos sociais e profesionais que teñen unha traxectoria relevante en relación co estudo, a divulgación e a promoción de políticas públicas relacionadas coas mulleres. Terá funcións de información, asesoramento, formulación de propostas e avaliación do desenvolvemento do programa. Estará formado por un máximo de 20 integrantes e reunirse cando menos dúas veces no ano.



Integrantes do consello asesor

- **María Xesús López Escudeiro**. Foi concelleira de Educación, Muller e Cultura do Concello de Pontevedra, e delegada da Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia en Pontevedra
- **Teresa Casal**: avogada, foi secretaria da delegación da UNED en Pontevedra e concelleira de Urbanismo e Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra
- **Salomé Álvarez Blanco**: foi concelleira de Muller e Educación do Concello de Pontevedra, e parlamentaria no Parlamento galgo
- **Carmé Vidal**: xornalista e escritora
- **Aurora Marco**: profesora universitaria e investigadora
- **Pilar Allegue**: profesora universitaria e investigadora, ex-concelleira do concello de Pontevedra
- **Cristina González**: profesora de Historia (IES Martín Sarmiento)
- **Rosario Portela Yáñez**: escritora e investigadora
- **Xosé Álvarez Castro**: profesor e estudoso da memoria histórica, autor de Pontevedra nos anos do medo.
- **Patricia Arias**: profesora de lingua galega no ensino medio, escritora, integrante do consello de redacción da revista feminista Andaina
- **Carmen Suárez**: psicóloga, impulsora do proxecto Memoria de muller (Xunta de Galicia, 2007-2010)
- **Montse Fajardo**: xornalista e escritora, autora do libro Matriarcas.


Seis centros participan no programa *A memoria das mulleres*

O programa municipal A memoria das mulleres, que ten como obxectivo crear un arquivo documental, gráfico e audiovisual sobre a historia e a memoria das mulleres en Pontevedra, conta coa colaboración de 6 centros escolares de ensino primario e secundario. O IES Luís Seoane, o IES Martín Sarmiento, O CIFP A Xunqueira, O CIFP Carlos Oroza, O CEIP San Biento de Lárez e o CEIP San Martiño de Salcedo inscribíronse na convocatoria que fixo o Concello e ao longo do presente curso realizarán traballos de investigación mediante a recollida de fotografías, gravación de entrevistas e redacción de biografías. Os centros inscritos teñen de prazo até o mes de maio para desenvolver os proxectos; no mes de xuño está previsto organizar un acto de presentación pública dos resultados dos traballos realizados. A Concellaría de Patrimonio Histórico valora moi positivamente a implicación da comunidade escolar no labor de investigación e documentación sobre a historia das mulleres, xa que reforza a dimensión aberta e participativa do proxecto. Na mesma liña, está previsto contar coa colaboración de asociacións veciñais e culturais, que xa teñen feito exposicións e outro tipo de actividades que poden ser moi útiles para complementar as liñas de traballo do proxecto.

Programación mensual de actividades da Memoria das mulleres

Dentro das liñas de traballo do proxecto figura o desenvolvemento dunha programación mensual de actividades, que comezará o vindeiro luns 27 de xaneiro cun encontro arredor do libro Matriarcas, mulleres en pé de vida da xornalista vilagarcía Montse Fajardo. O acto terá lugar ás 19 horas na Casa das Campás e nel intevirán, ademais da autora, a xornalista pontevedresa Natalia Puga e dúas das protagonistas do libro: Gloria Lijó e Waldina Pereira. Escrito pola xornalista de Vilagarcía de Arousa Montse Fajardo, “Matriarcas” recolle as testemuñas de dez mulleres de distintos puntos de Galicia que, contando a súa vida, destripan a realidade do matriarcado que sostiña a sociedade galega da posguerra.

A programación continúa o 24 de febreiro cun recital poético musical de homenaxe a Rosalía e o 24 de marzo con proxeción do documental de Uqui Permuy sobre as traballadoras da conserva. No mes de abril haberá un roteiro temático sobre “O río, o mar e as mulleres” e en maio desenvolverase a segunda edición do Simposio sobre mulleres represaliadas e resistentes, que xirará arredor do mundo da escola durante o franquismo.



O BNG denuncia a pasividade do PP e esixe a reapertura da rúa 12

A rúa 12 do casco urbano de Santa Lucía leva semanas “pechada” logo dos estragos producidos polos temporais do nadal.

Para o BNG é moi preocupante a pasividade do goberno local neste asunto, que permite que esta rúa continúe pechada a día de hoxe. Tal foi, e é a desidia e pasotismo do goberno, que nin tan sequera se dignou poñer unha sinalización decente na rúa 12, sinalizándoa de xeito trapalleiro.

Cremos que, se tan perigosa é a situación para a seguridade dos veciños e veciñas, a sinalización e as medidas adoptadas son insuficientes, xa que non impiden o paso de peóns polas beirarrúas.

Dende o BNG solidarizámonos con todos os afectados e afectadas por esta situación, xa que entendemos perfectamente as molestias ocasionadas aos veciños e as perdas para os comerciantes desa rúa (cousa que parece non preocuparlle moito ao PP).

É preocupante que o PP mire para outro lado cando hai problemas e non sexa quen de buscar solucións acaídas para os problemas e urxencias que se presentan no noso concello.

O PP é incapaz de xestionar os cartos públicos

Co PP no goberno municipal en Moraña seguimos coa dinámica de gobernos anteriores, no que se re-fire á planificación orzamentaria.

Se o concello de Moraña non conta cos orzamentos do ano 2014 é, unicamente, pola falta de rigor na xestión do goberno municipal do PP. A alcaldesa está a demostrar que ademais de falta de proxecto político é incapaz de xestionar os cartos públicos de todos os morañeses e morañesas.

Para o BNG é inaceptábel que xa iniciado o ano o goberno nin tan siquiera teña presentado un borrador de orzamentos e non se teñan sometido a debate plenario. Lonxe quedan as promesas do PP de facer unha xestión orzamentaria axeitada. Un compromiso máis que se incumpre pola Alcaldesa e o seu equipo, e que afecta aos servizos que se lle prestan aos cidadáns.

O BNG solicitoulle á Alcaldesa máis seriedade, máis traballo e máis compromiso con noso concello, pois Moraña non se merece unha Alcaldesa irresponsábel e ineficaz coa xestión dos cartos públicos.

CHARLA INFORMATIVA

O novo Plan de Urbanismo de Moraña

DÍA: **Venres 24 de xaneiro**
 HORA: **20:30 H.**
 LUGAR: **Casa do Cultura Castelao**
 FALARÁN: **Marcos Suárez
César Mosquera**



O PP AFOGA AS PERSOAS AUTÓNOMAS

O Goberno do Estado español vén de aprobar en plenas vacacións de Nadal e sen negociación previa unha serie de medidas que provocarán o incremento de cargas tributarias sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.

1. Incrementábase a cotización mínima para persoas autónomas, o que implica un incremento de máis de 60€ anuais
2. Incrementábase a cotización para persoas autónomas que teñan contratadas 10 ou máis persoas traballadoras, cun valor duns 60€ ao mes.

Esta situación terá unhas consecuencias moi negativas para a economía galega, dado que a maior parte do emprego en Galiza é xerado pola pequena e media empresa, e que afecta a 165.000 persoas no noso país:

1. Suporá incrementar os problemas de liquidez das persoas autónomas e pequenas empresas
2. Desincentivará a contratación. Por tanto, estase xerando un incentivo para que se aumente o desemprego.
3. Non resolve os problemas asociados ao déficit da Seguridade Social.

Neste contexto, o BNG solicita:

1. **A retirada deste Real decreto**, aprobado sen consenso de ningún tipo e que só agravará a situación económica das persoas autónomas.
2. **O impulso de políticas económicas expansivas acompañadas de políticas activas de emprego**, como mellor mecanismo para garantir a viabilidade da Seguridade Social.
3. **Unha reforma fiscal progresiva**, en que sexan precisamente as grandes fortunas e grandes empresas as que máis tributen, e non, máis unha vez, a maioría da poboación e as persoas autónomas e pequenas empresas.



O PP AFOGA O PEQUENO COMERCIO,
AS PEQUENAS E MEDIA EMPRESAS.

O PP AFOGA O EMPREGO!
O PP AFOGA GALIZA!